

Viabilidade do aproveitamento integral dos bosques de castiñeiro da cooperativa FEADER/23B

agaca Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agrarias

Rúa Tomiño, nº 22, soto 1
Santiago de Compostela
981 584 783

www.agaca.coop

Rúa Poeta Noriega Varela, nº 30,
entreplanta A - Lugo
982 201 514

Rúa Bedoia, nº 7, 2º OF1
Ourense
988 242 481



IXP Castaña de Galicia

Rúa da Muiña, nº 58
Santiago de Compostela
981 554 537 - www.castanadegalicia.org



Amarelante S. Coop. Galega

A Corredoira - Manzaneda
Ourense
606 226 291 - www.amarelante.gal

Universidade de Vigo

Universidade de Vigo


Facultad de Ciencias
Campus Universitario As Lagoas s/n
Ourense
988 387 000 - www.uvigo.gal



Centro Tecnolóxico da Carne

Avenida de Galicia nº 4,
Parque Tecnolóxico de Galicia
San Cibrao das Viñas (Ourense)
988 548 277 - www.ceteca.net

Proxecto financiado por:



Viabilidade do aproveitamento integral dos bosques de castiñeiro da cooperativa FEADER/23B



Coordina:

Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agrarias



Interveñen:



Universidade de Vigo



Proxecto financiado por:



Viabilidade do aproveitamento integral dos bosques de castiñeiro da cooperativa

O proxecto “Viabilidade do aproveitamento integral dos bosques de castiñeiro da cooperativa - FEADER/23B” pretende recuperar os soutos en estado de abandono para a produción de castaña de calidade con prácticas agrícolas innovadoras e sustentables que contribúan á biodiversidade e ao aproveitamento de residuos.

Grazas a estudos planificados, aplicaranse técnicas de cultivo que permitan un axeitado **mantemento do chan**, unha adecuada **fertilización**, un correcto sistema de **poda**, así como tratamentos e **controis agronómicos**, aplicación de **fitosanitarios** e aplicacións eficientes de **rega**.

A Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agrarias — AGACA lidera o proxecto, no que ademais interveñen Amarelante S. Coop. Galega, a IXP Castaña de Galicia, o Centro Tecnolóxico da Carne e a Universidade de Vigo.

OBXECTIVOS

1.- Promover a **mellora das plantacións** de castiñeiros e a produción de castaña de calidade.

Realizarase un estudo planificado para rendibilizar as producións e adaptalas á comarca de Manzaneda, recuperando, renovando e potenciando os soutos existentes.

2.- Estudar a **viabilidade** dalgunhas

producións compatibles: planta aromática, cogomelo etc.

A diversidade biolóxica ten unha influencia decisiva no funcionamento e estabilidade do ecosistema. Hai unha relación directa entre biodiversidade e estabilidade que permitirá o aforro de enerxía e outros insumos, abaratando custos de produción. A diversificación evita riscos de malas colleitas e permite aumentar o nivel de renda ao non depender só dun produto.

3.- Estudar os diferentes **aproveitamentos dos residuos da castaña** (cortiza, folla e ourizo) en industrias de maior valor engadido: téxtil, transformadora da madeira, farmacéutica, cosmética ou alimentaria.

4.- Proposta rendible de **iniciativas de aforro enerxético** para o procesado da castaña, que poden intercalar a combinación de biomasa con paneis solares fotovoltaicos.

ORZAMENTO

O proxecto “Viabilidade do aproveitamento integral dos bosques de castiñeiro da cooperativa” está financiado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) da Unión Europea, polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

Conta cun orzamento de 80.606,06 €.

BOSQUE, FONTE DE RIQUEZA

Galicia é a Comunidade Autónoma con maior produción e exportación de castaña, con entre **15.000 e 25.000 toneladas por ano e de 30 a 40 millóns de euros**.

A castaña ten importancia na alimentación, malia o retroceso do seu consumo ao modo tradicional. A industria da castaña está cada día máis desenvolvida, polo que **aparecen novas formas de consumo e comercialización**.

Son coñecidos os usos de **cortiza, folla e ourizo**, pero en **Galicia non se aproveitan**. A **casca contén moitos máis compostos extraíbles:** lignina, hidratos de carbono, cinzas e taninos.

O castiñeiro é, pois, unha especie de grande interese para Galicia. Este proxecto busca poñelo en valor, tanto mediante o seu aproveitamento directo, coma a través de usos alternativos.

ONDE CREA VALOR?

Mediante o proxecto “Viabilidade do

Aproveitamento dos bosques de castiñeiro da cooperativa” estúdanse fontes de valor para diferentes sectores, de xeito que os axentes e as comarcas con superficies forestais inutilizadas poidan obter rendemento.

• **Industria da castaña**

Dáse importancia ao aproveitamento das colleitas para desenvolver **produtos derivados** e deseñaranse novos **sistemas de envasado** para mellorar a comercialización.

O proxecto traballa en estudos de eficiencia enerxética, **mellorando a sustentabilidade do procesado da castaña en todas as fases**, con sistemas que permitirán a combinación de biomasa con paneis solares fotovoltaicos.

• **Industrias téxtil, de transformación de madeira, farmacéutica e cosmética**

Ademais de **hidratos de carbono e minerais, os residuos da castaña conteñen lignina e taninos, un grupo heteroxéneo de derivados fenólicos**, moi frecuentes no corpo vexetal, que forman complexos con macromoléculas (proteínas) e **posúen diversas propiedades de interese**, por exemplo en sectores coma o téxtil, a transformación da madeira, a farmacia, a cosmética ou a alimentación.

• **Industrias forestal, silvicultora e gandeira**

O proxecto enmárcase na área de xestión sustentable dos recursos naturais, perseguindo a conservación e protección do medio ambiente, baseándose no **uso dos recursos naturais axeitadamente sen chegar á súa explotación**. Por iso, as súas actividades son compatibles con usos forestais coma pastoreo, cogomelo, planta aromática e medicinal, froitos silvestres etc.

